

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-308 AO SEU PASO POR PORTONOVO, PQ 18+960 A 19+770.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo que permitan a humanización da estrada PO-308 ao seu paso polo núcleo urbano de Portonovo, concretamente nos puntos quilométricos 18+960 a 19+770.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Sanxenxo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

